

PUNTOS DE INTERESE XEOLÓXICO

- 1 Punta Carreiro.** Pódense ollar as anfibolitas de grao fino así coma o Movemento Tectónico de Carreiro, que comprende unha área cunha intensa deformación. Neste punto tamén é de destacar a xeomorfolóxica da ría de Cedeira.
- 2 Viladesuso.** O máis salientable é a panorámica do val do río Condomiñas, que discorre sobre os gneises de Chimparra, que a diferenza do resto de rochas presentes na zona, estas erosiónnanse con maior facilidade.
- 3 Purrido.** Canteira onde afloran as anfibolitas de Purrido. Son unhas rochas de aspecto escuro e que se laxan facilmente. Estudos xeocronolóxicos indican unha idade estimada de 1.160 millóns de anos.
- 4 Monte do Vilar.** Panorámica da costa cedeiresa dende a Punta Candieira ata a Garita de Herbeira, nótense as diferenzas entre os cantís de anfibolitas-granulitas, gneises e rochas ultrabásicas (dunitas e harzburgitas).
- 5 Cantís de Cortes.** Excepcional punto de observación xeolóxica dun pregue nas inmediacións de Chan do Carris, apreciable pola diferente tonalidade das rochas que o constitúen. De cor grisácea, granulitas, e de cor parduzca, rochas ultrabásicas.
- 6 Repetidor de Santo André de Teixido.** Dende eíqui pódese ollar o seu asentamento nun gran deslizamento cuaternario que segue activo na actualidade. Así mesmo é unha zona con bos afloramentos de rochas ultrabásicas.
- 7 Cruceiro de Teixidelo.** Punto dende o que se observan os cantís de Herbeira, o deslizamento de eTixido e as granulitas da Formación Vacariza.
- 8 Falla de Teixidelo.** Salientable fractura rechéa actualmente por seixo que separa dos tipos de rochas, granulitas o Sur e rochas ultrabásicas o Norte.
- 9 Macizo de Herbeira.** Neste punto de interese xeolóxico, achamos mineralizacións de cromita, óxido de cromo, que se atopan asociadas a rochas ultrabásicas.
- 10 Garita de Herbeira.** Dende este lugar apréciase os cantís más altos de Europa Continental, posto que os fiordos noruegos son más altos pero non en mar aberto.
- 11 Cabeceira do Dabaraixe.** No entorno deste río atópase unha cunca de materiais recentes moi rica en minerais pesados (rutilo, óxido de titanio, e cianita e granate, silicatos de aluminio e ferro respectivamente) presentes nas granulitas e eclogitas.
- 12 Mirador do Penedo Edroso.** Obsérvase a xeomorfología da ría de Cedeira e do val do río Condomiñas. Tamén é un bo afloramento das granulitas da Vacariza, que se caracterizan pola abundancia de granates e o seu chamativo bandeado.

Concello de Cedeira

CLUB MONTAÑA FERROL

www.clubmontanaferrol.com

<http://http.teixidoape.blogspot.com>

<http://turismoactivodonoroeste.blogspot.com>

secretariacmf@gmail.com - Tf. 981 355 869

CONCELLO	981 480 000	OFIC TURISMO	981 482 187	CENTRO MEDICO	981 480 015	POLIC LOCAL - PROTECC CIVIL	619 304 949	GARDIA CIVIL	061	EMERXENCIAS MEDICAS	062	INCENDIOS FORESTAIIS	085	EMERXENCIAS	112	TAXIS	981 480 211	BUSES MONBUS-RIALSA	902 292 900	CLUB MONTAÑA FERROL	981 355 869
----------	-------------	--------------	-------------	---------------	-------------	-----------------------------	-------------	--------------	-----	---------------------	-----	----------------------	-----	-------------	-----	-------	-------------	---------------------	-------------	---------------------	-------------

TELEFONOS INTERES:

CIRCULAR TERRAS DE CEDEIRA

- Lonxitude:** 40Qms. **Tipo:** Circular
Calificación: Moi Dura **Duración estimada:** 8/10 h.
Saída: Praza Roxa
Tipo de Marcate: Frechas amarelas e brancas, e un logo de dous percebes camiñantes
Sitios de paso: Areal da magdalena, Punta Robaleira, Esterio, Ardeón, A Trabe, Freixido, Candales, Capelada, Pena do Viño, Mamoas de Pedra Chantada, Pico Reboredo, Cruceiro dos Carrís, Cantil e Peiraos de Cortes e Tarroiba, Vilar, Garita de Vilar, Garita de Eixil, Capela de San Antón de Corveiro, Castelo da Concepción, Praia de Arealonga, Praza Roxa.
Podese recortar, ó chegar a Candales, hacia o Pico Reboredo.
Ciclabilidade : 100% (85% firme bo, 15% restos madereiros).
1.º Marca: Fin de Praia • Derradeira Marca: Castelo da Concepción.
Marcada e deseñada polo Club Montaña Ferrol

CAMIÑO A TEIXIDO

- Lonxitude:** 15 Qms. **Tipo:** Lineal
Calificación: Media **Duración estimada:** 4 h .
Saída: Porto de Cabo.
Tipo de Marcate: Frechas vermellas e brancas, carteis de "Teixido" (pistas de terra) e moxons de pedra cun peixe (alternativa de asfalto)
Sitios de paso: Caserío dos Freires, Sisalde menor, Sisalde Maior, Viciñeira, Cartas, Os Candales, San Roque de Reboredo, Santuario de Teixido.
Ciclabilidade : 100%
Marcada según camiños antiguos polo Club Montaña Ferrol
A traza marcada con moxóns, polo GDR.Costa Artabra.

RUTA DOS PEIRAOIS

- Lonxitude:** 14 Qms. **Tipo:** Lineal
Calificación: Media **Duración estimada:** 4 h
Saída: Castelo de Concepción
Tipo de Marcate: Paralelas amarelas e brancas, e postes de madeira.
Sitios de paso: Capela da San Antón de Corveiro, Garita de Eixil, Garita do Vilar, Miradoiro de Boca Tarroiba, Miradoiro de Cortes, Amilladoiros, Santuario de Teixido.
Marcada e deseñada polo A.T.C.Citanía.